


# Fundación Eugenio Granell



A práctica artística de Sergio Marey constrúese a partir dunha lectura crítica da tradición, afastada de calquera idea de herdanza fixa ou intocable. Para o artista, a tradición non é unha identidade esencial, senón un campo atravesado por conflitos e desigualdades. O seu traballo sitúase nun espazo de fricción entre a memoria colectiva, a cultura popular e as posicións disidentes, empregando códigos, imaxes e referencias moi ligadas ao contexto galego para cuestionar os relatos dominantes que historicamente os sostiveron.

Marey recorre a elementos en relación co popular e co ámbito rural a modo de xuízo ante prácticas reguladoras dos corpos e identidades a través de certas normas apreendidas. Así, reapropiase e resignifica eses referentes desde unha perspectiva crítica para abranguer aquelas experiencias e sucesos que ficaron á marxe do discurso oficial. Desta forma, aparecen outras maneiras de entender a comunidade que desafían a visión homoxénea e idealizada do popular.

É polo tanto que a tradición preséntase como un terreo inestable e en constante negociación. Emprega o cotián para pensar o político, deixando a un lado a lectura nostálgica en prol dunha interpretación complexa. A obra de Marey non busca nin conservar nin destruír a herdanza cultural, senón abri-la, facendo visibles tanto as súas fendas como as súas posibilidades.

A dimensión colectiva ocupa un lugar fundamental nesta práctica artística. A creación enténdese como un proceso compartido, baseado no encontro e na acción conxunta, que permite activar novas relacións coa memoria e coa identidade. Desde esta perspectiva, a tradición convértese nun espazo vivo, aberto á revisión e á transformación desde o presente. En última instancia, a obra de Sergio Marey formula unha pregunta clave sobre que tradicións se perpetúan e cales se exclúen, reivindicando a necesidade de imaxinar outras tradicións posibles capaces de acoller unha memoria sen exclusións.

**Sergio Marey (Pol, Lugo, 1997)** é un artista multidisciplinar, comisario e xestor cultural galego cuxa práctica investiga a memoria, a identidade e a diversidade desde unha perspectiva política e situada, fundamente vinculada ao mundo rural galego. Criado nunha familia de labregos e hostaleiros na montaña lucense, o seu traballo está atravesado polas paisaxes, os saberes populares e as formas de vida comunitaria deste contexto. A súa obra articula tradición popular e problemáticas contemporáneas, con especial atención á recuperación de memorias marxinais, especialmente as das persoas LGBTQIA+ e doutros colectivos historicamente silenciados no ámbito rural. O seu traballo foi exposto en espazos como a Fundación Joan Miró, a Fundación Eugenio Granell, GNRation, o Centro Galego de Arte Contemporánea - CGAC, o Museo do Pobo Galego ou a Trienal de Sarria. Realizou diversas residencias en lugares como Paraíso RPM, Azala, Ao Caraño! ou a Cidade da Cultura. En 2023 recibiu o Premio Auditorio de Galicia para Artistas Noveles por *Cruceiro a Santa Librada e demais mártires disidentes*, unha obra que reinterpreta a tradición popular desde unha perspectiva queer e de reparación simbólica.



La práctica artística de **Sergio Marey** se construye a partir de una lectura crítica de la tradición, apartada de cualquier idea de herencia fija o intocable. Para Sergio Marey, la tradición no es una identidad esencial, sino un campo atravesado por conflictos y desigualdades. Su trabajo se sitúa en un espacio de fricción entre la memoria colectiva, la cultura popular y las posiciones disidentes, empleando códigos, imágenes y referencias muy ligadas al contexto gallego para cuestionar los relatos dominantes que históricamente los sostuvieron. Marey recurre a elementos en relación con lo popular y con el ámbito rural a modo de juicio ante prácticas reguladoras de los cuerpos e identidades a través de ciertas normas aprehendidas. Así, se reapropia y resignifica esos referentes desde una perspectiva crítica para alcanzar aquellas experiencias y sujetos que quedaron al margen del discurso oficial. De esta forma, aparecen otras maneras de entender la comunidad que desafían la visión homogénea e idealizada de lo popular.

Es por lo tanto que la tradición se presenta como un terreno inestable y en constante negociación. Emplea lo cotidiano para pensar lo político, dejando a un lado la lectura nostálgica a favor de una interpretación compleja. La obra de Marey no busca ni conservar ni destruir la herencia cultural, sino abrirla, haciendo visibles tanto sus brechas como sus posibilidades.

La dimensión colectiva ocupa un lugar fundamental en esta práctica artística. La creación se entiende como un proceso compartido, basado en el encuentro y en la acción conjunta, que permite activar nuevas relaciones con la memoria y con la identidad. De esta perspectiva, la tradición se convierte en un espacio vivo, abierto a la revisión y a la transformación desde lo presente. En última instancia, la obra de Sergio Marey formula una pregunta clave sobre que tradiciones se perpetúan y cuales se excluyen, reivindicando la necesidad de imaginar otras tradiciones posibles capaces de acoger una memoria sin exclusiones.

**Sergio Marey (Pol, Lugo, 1997)** artista multidisciplinar, comisarie y gestore cultural gallegue cuya práctica investiga la memoria, la identidad y la diversidad desde una perspectiva política, hondamente vinculada al mundo rural gallego. Su obra articula tradición popular y problemáticas contemporáneas, con especial atención a la recuperación de memorias marginales, especialmente las de las personas LGBTIQ+ y de otros colectivos históricamente silenciados en el ámbito rural. Su trabajo fue expuesto en espacios como la Fundación Joan Miró, la Fundación Eugenio Granell, GNRation, el Centro Galego de Arte Contemporánea - CGAC, el Museo do Pobo Galego o la Trienal de Sarria. Realizó diversas residencias en lugares como Paraíso RPM, Azala, Ao Caraño! o Cidade da Cultura. En 2023 recibió el Premio Auditorio de Galicia para Artistas Noveles por *Cruceiro a Santa Librada y demás mártires disidentes*, una obra que reinterpreta la tradición popular desde una perspectiva queer y de reparación simbólica.

**Sergio Marey's** artistic practice is built on a critical interpretation of tradition, removed from any idea of fixed or untouchable heritage. For Sergio Marey, tradition is not an essential identity, but a field crossed by conflicts and inequalities. His work is situated in a space of friction between collective memory, popular culture and dissident positions, using codes, images and references closely linked to the Galician context in order to question the dominant narratives that historically sustained them. Marey resorts to elements in relation to the traditional and the rural environment as a judgment in the face of regulatory practices of bodies and identities by way of certain apprehended norms. Thus, these references are reappropriated and redefined from a critical perspective to reach those experiences and subjects that were left on the margins of the official discourse. In this way, other ways of understanding the community appear that challenge the homogeneous and idealized vision of the traditional.

Tradition is therefore presented as an unstable field that is constantly being negotiated. He uses the everyday to think about the political, leaving aside nostalgic reading in favour of a complex interpretation. Marey's work seeks neither to preserve nor to destroy cultural heritage, but to open it up, making visible both its gaps and its possibilities.

The collective dimension occupies a fundamental place in this artistic practice. Creation is understood as a shared process, based on encounter and joint action, which allows new relationships to be activated with memory and identity. From this perspective, tradition becomes a living space, open to revision and transformation from the perspective of the present. Ultimately, Sergio Marey's work asks a key question about which traditions are perpetuated and which are excluded, vindicating the need to imagine other possible traditions capable of accommodating a memory without exclusions.

**Sergio Marey (Pol, Lugo, 1997)** is a multidisciplinary artist, curator and cultural manager from Galicia whose practice investigates memory, identity and diversity from a political and situated perspective, deeply linked to the Galician rural world. Her work articulates popular tradition and contemporary issues, with special attention to recovering marginal memories, especially those of LGBTIQ+ people and other historically silenced groups in rural areas. His work has been exhibited in venues such as the Joan Miró Foundation, the Eugenio Granell Foundation, GNRation, the Galician Centre for Contemporary Art - CGAC, the Museo do Pobo Galego or the Trienal de Sarria. He has undertaken various residencies in places such as Paraíso RPM, Azala, Ao Caraño! or Cidade da Cultura. In 2023 he received the Auditorio de Galicia Award for New Artists for "*Cruceiro a Santa Librada y otras mártires disidentes*", a work that reinterprets popular tradition from a queer perspective of symbolic reparation.